



PROXECTO DA XORNADA ÚNICA

Para o curso 2019/2020

O CEIP Barrié de la Maza promove neste proxecto a implantación da xornada única no centro para o curso 2019/2020

CEIP Barrié de la Maza
27/03/2019

Este proxecto xorde despois da enquisa enviada ás familias a principio de curso sobre a opinión de volver propor o proxecto de xornada continuada no centro. A elevada participación na mesma, aportando as seguintes respostas:

- A favor: 180
- En contra: 69
- En branco: 3

Fixo que no centro se constituíra unha comisión formada por un grupo de mestras e mestres en colaboración coa ANPA para deseñar o seguinte proxecto.

Ademais este proxecto pretende responder á crecente demanda de familias e do profesorado de Educación Infantil e Primaria do centro, que solicita unha modificación no horario tratando de aproveitar mellor as horas de maior rendemento escolar, favorecendo a conciliación da vida familiar, procurando un horario semellante ao do noso centro adscrito IES Terra de Xallas que favoreza unha xestión educativa a longo prazo así como una continuidade na xestión actual do servizo de transporte e comedor.

Seguindo a *Orde do 29 de maio de 2008 pola que se establece o procedemento para a implantación da xornada lectiva en sesión única de mañá ou mixta nas escolas de educación infantil e primaria, colexios rurais agrupados, centros públicos integrados, centros de educación infantil e centros privados concertados* (DOG do 6 de xuño de 2008) os requisitos que se deben cumprir son os seguintes:

1. Acordo do claustro de profesores e profesoras por maioría dos tres quintos dos seus membros
2. Acordo do consello escolar por maioría dos tres quintos dos seus membros
3. Informe favorable do Servizo de Transportes da delegación provincial.
4. Acordo favorable do 58% do total do censo das nais, pais ou titores legais do alumnado (para os efectos de establecer o total do censo computaranse a nai ou pai ou un dos titores legais do alumnado da etapa en que se pretende cambiar a xornada)
5. Plan específico de actividades extraescolares.

PROPOSTA DE HORARIO DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA:

LUNS	
HORAS	SESIÓNS
9:30 - 14:30	Horario lectivo
14:30 - 15:30	Comedor (unha soa quenda)
15:30 - 16:30	Tempo de lecer
16:30	Transporte
15:30 - 17:30	Actividades extraescolares

- Os **LUNS** o horario de comedor irá de 14:30 ás 15:30, e as actividades extraescolares serán de 15:30 ás 17:30. O alumnado que non queira

asistir a ningunha actividade extraescolar e teña servizo de transporte, poderán acudir á biblioteca ou á sala de estudos que estarán atendidos polo profesorado, ou poderá permanecer no patio, en tempo de lecer, atendidos pola coidadoras do comedor. En caso de mal tempo, habilitarase un espazo dentro do centro para o tempo de lecer.

DE MARTES A VENRES	
HORAS	SESIÓNS
9:30 - 14:30	Horario lectivo
14:30 - 15:30	Comedor (unha soa quenda)
15:30	Transporte
15:30 - 17:30	Actividades extraescolares

- Os **MARTES** de 15:30 a 17:30 **todo o profesorado permanecerá no centro**, en cumprimento das dúas horas complementarias fixas (establecidas na Orde do 29 de maio de 2008), para garantir a coordinación de todo o profesorado a través das reunións dos distintos equipos e as titorías coas familias.
 - 15:30 - 16:30h: Atención ás familias
 - 16:30 - 17:30h: Reunións do equipo de Orientación, CCP, Equipos de Dinamización da Lingua, Extraescolares, claustros, actividades de formación en centros...
- **O RESTO DOS DÍAS:** De 15:30 a 17:30 permanecerán no centro dous profesores, que se encargarán da Biblioteca e Sala de estudo. Estes profesores ostentarán a representación oficial do Centro e manterán en funcionamento a Biblioteca e a sala de estudo que estarán a disposición do alumnado.
- **Este horario será habilitado todo o curso (de setembro a xuño), agás as actividades extraescolares que comezarán en outubro.**

DISTRIBUCIÓN DO HORARIO:

SESIÓNS	HORAS
1ª	9:30 - 10:20
2ª	10:20 - 11:10
3ª	11:10 - 12:00
RECREO	12:00 - 12:30
HORA DE LER	12:30 - 13:00
4ª	13:00 - 13:45
5ª	13:45 - 14:30

Con este horario garantiranse:

1. As 25 horas lectivas semanais.
2. O funcionamento dos servizos ofertados na actualidade: transporte e comedor escolar.
3. O funcionamento do centro coas xuntanzas de Equipos docentes así coma a atención a nais, pais e familias.

OBXECTIVOS

1. Mellorar a calidade de vida dos distintos sectores da comunidade educativa.
2. Potenciar ao máximo as aprendizaxes e a adquisición das competencias clave dos nos alumnos/as, así como a formación permanente de todo o equipo docente.
3. Garantir unha xestión estable a longo prazo do centro educativo.
4. Asegurar a continuidade na organización actual do servizo de comedor.
5. Favorecer a estabilidade do profesorado no centro asegurando a continuidade de proxectos como o Plan Proxecta, Contratos-programa... e calquera outro proxecto que requira continuidade para o seu desenvolvemento.
6. Mellorar o desenvolvemento do alumnado entendendo que as horas da mañá aseguran un mellor rendemento académico, cun maior nivel de atención e motivación, con máis capacidade de concentración.
7. Facilitar a conciliación familiar por parte das familias dos alumnos e alumnas, e do profesorado.
8. Posibilitar o descanso do alumnado despois de xantar, especialmente dos máis pequenos.
9. Aumentar o tempo dispoñible do alumnado para participar nas actividades de educación non formal ofertadas no Concello e na comarca.
10. Manter un horario similar durante as diferentes etapas educativas (Primaria e Secundaria) que favoreza o paso dunha a outra.
11. Dinamizar o uso da Biblioteca Escolar ao permanecer aberta fóra do horario lectivo, facilitando a lectura, estudo, préstamos, consulta de materiais, uso de TIC... estando atendida polo profesorado do centro.

12. Eliminar os conflitos que xorden no período de lecer do comedor.

SERVIZO DE TRANSPORTE

O cambio de horario de xornada partida a xornada continuada na etapa de educación infantil e primaria non supón ningún cambio significativo na organización dos servizos de transporte de entradas e nas saídas.

Mantéñense as mesmas rutas e número de autobuses nas entradas e nas saídas. As variacións serán as seguintes:

- Mantense a hora de chegada de todas as rutas ás 9:20.
- Adiántase a hora de saída do autobús ás 15:30 en vez de ás 16.15 (45 minutos de diferenza) de martes a venres. Os luns manterase a mesma hora de saída dos autobuses (16:30 horas).

Ao tratarse dun centro que comparte flota de autobuses o horario está proposto tendo en conta e adaptándose aos horarios do IES Terra de Xallas e CEIP Pepe de Xan Baña, as rutas de autobús seguen a poder compatibilizar os horarios, tendo tempo suficiente de facer as rutas nas distintas horas da mesma maneira que se fai na actualidade.

Por tanto, non se incrementa o custo de transporte.

SERVIZO DE COMEDOR

Coa xornada continua mantense as mesmas prazas de usuarios de comedor, 425. Proponse un cambio na organización do comedor para que todo o alumnado poida comer na mesma quenda.

A comida será colocada nas mesas polas colaboradoras do comedor, os alumnos titores, xunto coas colaboradoras, axudarán desde o seu sitio a servir aos pequenos.

Coa xornada única manterase o servizo de comedor existente até o momento (servizo ofertado ao alumnado de luns a venres). O comedor seguirá xestionado polo propio centro, atendido por cinco persoas na cociña, dez familiares colaboradores, un encargado/a e a dirección do centro.

Si suporá un cambio no horario da comida do alumnado. Se antes comían ás 13:15, agora vano a facer ás 14:30. Este feito non supón un desequilibrio nos hábitos alimentarios do nenas/os. A alimentación levarase a cabo de xeito ordenado:

COMIDA	HORA
ALMORZO	Entre 8.30 e 9:15
MERENDA	Ás 11.50 (aproximadamente)
XANTAR	Ás 14:30

Ao remate deste período realizarase o transporte escolar completo.

Os/as colaboradores/as do comedor comerán xusto antes do servizo ao alumnado desde as 13:30 até as 14:10 horas.

PLAN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

O horario habitual das actividades será de 15:30 a 17:30 todos os días lectivos do curso, de luns a venres, agás o mes de setembro, como é costume no centro e na localidade.

Todas as actividades caracterizaranse por:

- Carácter voluntario e non discriminatorio
- Actividades abertas e de interese para todo o alumnado deste centro

1. ACTIVIDADES GRATUÍTAS OFERTADAS POLO CENTRO

Ao fronte de cada actividade estará un mestre ou mestra.

Todos os días (excepto os martes, día de permanencia no centro) ofertarase de 15:30 a 17:30 horas.

- Biblioteca, en dúas sesións (ás 15:30 e ás 17:30)
- Sala de estudo, en dúas sesións (ás 15:30 e ás 17:30)

O alumnado que desexe empregar a biblioteca e a sala de estudo terá que entrar nos espazos nos dez primeiros minutos de cada sesión. Tanto para a entrada como para a saída, o alumno so poderá entrar ou saír do centro co pai, nai, titor legal ou persoa autorizada pola familia, que terá que asinar no libro de conserxería como de costume.

2. ACTIVIDADES OFERTADAS POLA ANPA

A ANPA Xallas Barrié de la Maza manterá as mesmas actividades que xa veu ofertando en cursos anteriores, co cal o cambio de xornada non lle afectará á oferta das mesmas. Estas actividades son: Judo, Ximnasia rítmica, Baile moderno, Inglés e Piscina. En función da demanda de matrícula, a ANPA poderá ampliar ou suprimir aquelas actividades que sexan necesarias.

Como no curso vixente, as actividades extraescolares terán unha duración de 1 hora e comezarán ás 15.30 horas, agás algunhas excepcións.

Estas actividades estarán vixentes desde outubro ata xuño.

Por outra parte, o **Plan Concilia** seguirá nas mesmas condicións que ata o momento. Así, durante as mañás o horario será de 7:30 á 9:30 horas e polas tardes de 16:30 á 20:30 horas os luns e de 15:30 á 20:30 horas de martes a xoves.

O cambio de xornada non afectará ao custe das actividades nin do Plan Concilia.

3. ACTIVIDADES OFERTADAS POLO CONCELLO

O Concello tamén propoñerá actividades extraescolares intentando facer unha adaptación dos horarios para favorecer a todos os centros da localidade.

4. ACTIVIDADES OFERTADAS POR BALONMÁN XALLAS

A Asociación deportiva Balonmán Xallas ofertará no centro en horario de 15:30 a 16:30 horas (podéndose ampliar o horario) a actividade de balonmán para alumnado do último curso de Infantil e de Primaria.

Os grupos serán de ata 20 alumnos e terán un custe de 10 € por alumno.

En función da matrícula, organizarase as quendas que se poidan levar a cabo.

5. ACTIVIDADES OFERTADAS POR FÚTBOL SALA

O equipo de fútbol sala Amarelle tamén ofertará esta actividade se hai demanda suficiente.